

Loreto e Patxo, antes e despois do Camiño de Santiago

Loreto superou un cancro e, como gratitude á Virxe, fixo o Camiño de Santiago co seu marido Patxi. Foi o inicio dunha canle de YouTube e de un programa na televisión valenciana, ademais de outras actividades con matrimonios novos.

07-03-2019

Superar un cancro é algo que enche de ledicia e leva a buscar a maneira de amosar a gratitude por ese ben recibido. Loreto superou un cancro e en sinal de agradecemento á Virxe decidiu facer o Camiño de Santiago xunto co seu home, Patxo.

Os dous decidiron ir compartindo a experiencia con todos os seus amigos por medio das redes sociais. Para iso lanzaron unha canle de You Tube na que contaban aos seus amigos, coñecidos e aos que desexaran unirse, cómo ían as etapas e aventuras do día a día. Foi tamén unha maneira de compartir online a súa fe cristiá con toda naturalidade. Loxicamente fixeron moitos amigos no seu camiño ata Compostela.

Intercambio de experiencias entre parellas novas

O seu afán por compartir tamén os levou a xuntarse periodicamente con outros matrimonios e con parellas

novas para reflectir o significado da vida cristián. O intercambio de experiencias axúdalles a descubrir as riquezas da vida matrimonial, quizais non pensadas antes, para mellorar o coñecemento mutuo e fortalecer a unidade entre eles.

Tamén participan en 'Última Ronda', un programa para xente nova en A Oito Mediterráneo, unha das estacións de televisión rexionais de Valencia. Neste programa trátase de pásalo ben e de divertirse falando de temas que interesen a todos.